ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DEZASEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (15/2026)

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Monfero, ás dezanove horas e dous minutos do día dezaseis de outubro de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnense os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.ª María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Filgueiras Grueiro e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive; para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás dezanove horas. Como queda dito, non asiste o Sr. Alcalde-Presidente, D. Andrés Feal Varela.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1.- Aprobación da acta da sesión do día 31 de xullo de 2026

2.- Aprobación da acta da sesión do día 17 de setembro de 2026

3.- Aprobación da acta da sesión do día 18 de setembro de 2026

4.- Aprobación da acta da sesión do día 7 de outubro de 2026

5.- Dar conta do Informe da Secretaría-Intervención sobre o período medio de pagamento a provedores do 3º trimestre de 2026

6.- Adhesión ao acordo plenario do Concello de Fene de 1 de outubro de 2026 de aprobación da Moción do Grupo Municipal PSdeG-PSOE de Fene, en relación co funcionamento do servizo ferroviario e o transporte interurbano.

7.- Moción do Concelleiro do BNG de solicitude á Xunta de Galicia de melloras na estrada AC-151

8.- Moción da Plataforma Cidadá Queremos Galego sobre a normalización da lingua galega

9.- Ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 326/2026 relativa a adhesión á Declaración Institucional da FEMP con motivo do DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES RURAIS 15 de outubro de 2026

10.- Moción do Grupo Municipal Popular para a renovación das marquesiñas existentes e instalación de novas marquesiñas nas paradas que non teñen

11.- Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía do mes de setembro de 2026

12.- Asuntos urxentes

13.- Rogos e preguntas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

O Sr. Alcalde en funcións saúda ás persoas asistentes e inicia a sesión plenaria e o debate e votación dos asuntos integrante da orde do día, co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 31 DE XULLO DE 2026

Como está acordado, esta acta publicouse no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión. O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha alegación. Non se produce ningunha intervención. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo a acta da sesión do día 31 de xullo queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección e o Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2026

Como está acordado, esta acta publicouse no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión. O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha alegación. Non se produce ningunha intervención. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo a acta da sesión do día 17 de setembro queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección e o Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

3.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2026

Como está acordado, esta acta publicouse no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión. O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha alegación. Non se produce ningunha intervención. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo a acta da sesión do día 18 de setembro queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección e o Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

4.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 7 DE OUTUBRO DE 2026

Como está acordado, esta acta publicouse no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión. O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha alegación. Non se produce ningunha intervención. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo a acta da sesión do día 7 de outubro queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección e o Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

5.- DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES DO 3º TRIMESTRE DE 2026

O informe da Intervención ao que se refire este punto da orde do día consta asinado dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2026/X999/000018, enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

"INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN RELATIVO AO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2026

D. Baldomero Beceiro Alonso, Secretario-Interventor do Concello de Monfero,

INFORMA

Que con data 9 de outubro 2026 se comunicaron os datos relativos ao PERIODO MEDIO DE PAGO GLOBAL do terceiro trimestre do exercicio 2026, de conformidade ao artigo 4.1 b) da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e de conformidade ao establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, pola que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos do réximes de financiamento, previsto na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira**,** segundo os datos obtidos da contabilidade municipal e Rexistro de facturas do programa Sicalwin, que agás erro ou omisión involuntaria, indícanse deseguido:

PMP TRIMESTRAL

RATIO OPERACIÓNS PAGADAS	IMPORTE DE PAGOS REALIZADOS	RATIO DE OPERACIÓNS PENDENTES DE PAGO	IMPORTE DE PAGOS PENDIENTES	PERIODO MEDIO PAGO TRIMESTRAL
19,62	696.321,82	29,95	161.012,38	21,56

Infórmase de que o período medio de pagamento a provedores trimestral desta entidade correspondente ao 3º trimestre 2026 non supera o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pagamento a provedores, que actualmente é de 30 días,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

O Secretario-Interventor”

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que, como ven no informe, o período medio de pagamento trimestral aos provedores do Concello neste terceiro trimestre é de 21,56 días, co que se cumpre a normativa que o fixa en 30 días como máximo. Non se produce ningunha intervención e declara que o Pleno toma coñecemento.

6.- ADHESIÓN AO ACORDO PLENARIO DO CONCELLO DE FENE DE 1 DE OUTUBRO DE 2026 DE APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSDEG-PSOE DE FENE, ENRELACIÓN CO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO FERROVIARIO E O TRANSPORTE INTERURBANO.

A moción do Grupo Municipal PSDEG-PSOE de Fene en relación co funcionamento do servizo ferroviario e o transporte interurbano á que se refire este punto da orde do dia consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2026/G010/000015, enviouse, coa convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

"O Grupo Municipal PSdeG-PSOE de Fene en base ó disposto nos artigos 82.2, 82.3, 91.4, 97.3 e 126.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poidan resultar de aplicación, presenta esta MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público constitúe un servizo esencial para garantir a igualdade de oportunidades, favorecer a cohesión territorial, impulsar a sustentabilidade ambiental e asegurar o desenvolvemento económico e social dos municipios. Os concellos de Ferrolterra, Eume e Ortegal, como vilas de referencia con importantes actividades económicas, educativas, turísticas e culturais, precisan contar cun sistema de transporte público moderno, eficiente e adaptado ás necesidades reais das persoas usuarias. Porén, a realidade que viven diariamente os veciños e veciñas evidencia importantes. carencias tanto no servizo ferroviario como no transporte interurbano por estrada.

Aínda que a reivindicación histórica se centra en acadar unha comunicación ferroviaria axeitada aos tempos actuais con frecuencias e horarios do século XXI, o dereito á mobilidade en tren vai parello á existencia dun bo servizo público de transporte de viaxeiros por estrada. A intermodalidade é vital e, nas nosas comarcas, padecemos unha gravísima eiva que afecta tamén gravemente á comunicación en autobús.

No relativo ao transporte interurbano por estrada, a xestión desenvolvida pola Xunta de Galicia continúa a ser claramente insuficiente. A redución de frecuencias, a supresión de servizos, os horarios pouco funcionais e o incumprimento continuado dos mesmos condicionan a mobilidade

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

diaria.

Non se pode entender que incluso as liñas con máis demanda diaria de viaxeiros oferten prazas insuficientes e sufran retrasos reiterados. Un exemplo alarmante desta situación aconteceu o pasado venres 11 de setembro de 2026, cando 30 persoas tiveron que realizar de pé o traxecto dende Ferrol e Fene ata Pontedeume no autobús das 8:35h. Esta incapacidade da rede pública levou á propia cidadanía a organizarse pola súa conta: actualmente existe un grupo de WhatsApp que agrupa a máis de 500 persoas para coordinar viaxes diarias en vehículo particular dende Ferrol á Coruña por motivos laborais e de ensino, ao que se están a sumar outros grupos semellantes ante a desatención da Xunta de Galicia e de RENFE.

No ámbito ferroviario, os concellos e colectivos sociais levan anos mantendo unha posición firme constante na defensa da liña Ferrol-A Coruña. Ao longo deste tempo, remitíronse distintos escritos aos sucesivos Gobernos do Estado e organismos competentes reclamando os investimentos necesarios para modernizar as infraestruturas ferroviarias, garantindo un servizo con frecuencias suficientes, horarios adecuados e tempos de viaxe competitivos.
Resulta incomprensible a posición de RENFE de non atender a proposta de aumento de frecuencias e de adecuación de horarios na conexión ferroviaria Ferrol-A Coruña, a cal está fundamentada en enquisas e consultas realizadas a centos de usuarios que precisan acudir a tempo aos seus postos de traballo, centros de estudo e citas médicas. Esíxese a RENFE que rectifique a súa resposta negativa, recoñecendo que cunha oferta adecuada de conexións e horarios o aumento de viaxeiros sería exponencial. Así mesmo, e imprescindible reclamar que a liña ferroviaria Ferrol-A Coruña se contemple e xestione como servizo de Cercanías, o que permitiría abaratar de xeito moi substancial o prezo do billete para os veciños e veciñas, tal e como se fai noutras zonas do Estado con distancias e poboacións semellantes.

Do mesmo xeito, faise un recoñecemento e apoio expreso ao traballo desenvolvido polo Foro Cidadán polo Ferrocarril de Ferrolterra, Eume e Ortegal, pola Plataforma Queremos Tren, e pola Plataforma por un Transporte Público Digno para Ferrol e Comarca, compartindo a súa defensa dun transporte público e útil para a mobilidade sostible e a vertebración do territorio.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal PSdeG-PSOE de Fene somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que se adopten os seguintes ACORDOS:

1. Reafirmar o compromiso do Concello de Fene coa defensa dun transporte público, accesible, sostible e de calidade, como un servizo esencial para garantir a igualdade de oportunidades, a cohesión territorial e a mobilidade digna.

2. Instar á Xunta de Galicia a atender de maneira inmediata as reclamacións formuladas polos concellos e polas plataformas cidadás, mellorando servizo de transporte interurbano por estrada, incrementando as frecuencias, adaptando os horarios ás necesidades reais da poboación, solucionando de pasaxeiros nas paradas, e garantindo conexións eficaces cos principais centros sanitarios, educativos, administrativos e laborais.

3. Instar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, a RENFE e a ADIF impulsar con

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

carácter prioritario as actuacións necesarias para a modernización da infraestrutura ferroviaria da liña A Coruña-Ferrol, executando os investimentos precisos para eliminar as limitacións existentes na vía que condicionan a capacidade da liña.

4. Esixir á Presidencia de RENFE a rectificación da súa negativa e a aprobación inmediata da proposta de aumento de frecuencias e adecuación de horarios na conexión Ferrol-A Coruña, adaptándoos á realidade laboral e académica das persoas usuarias.

5. Manifestar o apoio institucional e recoñecer explicitamente o labor desenvolvido polas organizacións cidadás Foro Cidadán polo Ferrocarril de Ferrolterra, Eume e Ortegal; Plataforma Queremos Tren e a Plataforma por un Transporte Público Digno para Ferrol e Comarca.

6. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia, á Consellería competente en materia de Mobilidade, ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, á Presidencia de RENFE, a ADIF, ás plataformas cidadás mencionadas, á Deputación da Coruña e ao resto dos concellos das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

En Fene, a 22 de setembro de 2026.
Asdo. Eloy Rico López”

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que esta moción foi aprobada polo Concello de Fene. Que no seu último punto acorda darlle traslado ao resto dos concellos das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, que Monfero pertence á Comarca do Eume e que o que pretenden é adherirse a ela.

Que se refire tanto ao funcionamento do servizo ferroviario, do que se lle reclama a RENFE maiores frecuencias e horarios no tren Ferrol-Coruña e máis paradas nese tramo, co que están de acordo. Que xa hai unha plataforma que se dedica a reivindicar estas cuestións. E por outra banda, no relativo ao transporte interurbano, que está habendo reunións de todos os concellos de Ferrolterra, Eume e Ortegal porque está habendo bastantes deficiencias no transporte interurbano destes concellos, sobre todo dos rapaces que van ao instituto. Que moitas veces o autobús non pasa, outras veces pasa fora de hora e outras veces os rapaces quedan sen sitio. Que se lle pide a Xunta que aumente a frecuencia dos buses ou que manteñan os horarios fixos. Que no caso de Monfero, este ano non houbo ningunha incidencia, pero que o ano pasado si: Na liña Monfero-Pontedeume durante unhas semanas o bus, ou non aparecía, ou ben aparecía fora de hora, e que o final contactaron directamente coa empresa e solucionaron. Que a nivel comarcal de Ferrolterra, Eume e Ortegal está habendo moitos problemas todos os días, sobre todo cos estudantes. Que parece ser que o outro día nunha liña Ferrol-Santiago-Vigo tiveron que ir de pé e que ir de pé de Ferrol ata Vigo non é normal, ademais de que tampouco o permite a normativa.

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención. Non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase co resultado de que a moción do Grupo Municipal PSDEG-PSOE de Fene en relación co funcionamento do servizo ferroviario e o transporte interurbano á que se refire este punto da orde do día, é aprobada polo Pleno da Corporación co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión e, polo tanto, quedan

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

adoptados todos os acordos que contén. O Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

7.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO DO BNG DE SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE MELLORAS NA ESTRADA AC-151

A moción do Sr. Concelleiro do BNG de solicitude á Xunta de Galicia de melloras na estrada AC-151 á que se refire este punto da orde do dia consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2026/G010/000015, enviouse, coa convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Popular e transcríbese textualmente a continuación:

"Don Manuel García Deive Portavoz do Grupo Municipal do BNG no concello de Monfero, ao abeiro da lexislación vixente,

Expón:

Que a estrada autonómica AC-151, que une Campolongo (Pontedeume) con Montesalgueiro (Aranga) e atravesa, entre outros, os termos municipais de Pontedeume, Vilarmaior, Monfero e Monfero, forma parte da Rede Autonómica de Estradas de Galicia e é de titularidade da Xunta de Galicia.

Que ao longo do seu trazado, e de maneira moi especial nos tramos que discorren polos concellos de Pontedeume, Vilarmaior, Monfero e Monfero, a AC-151 presenta un estado claramente insuficiente desde o punto de vista da seguridade viaria e da protección da veciñanza, acumulando curvas de radio reducido, cambios de rasante, travesías sen beirarrúas axeitadas, cruces perigosos e vivendas situadas a escasos metros da calzada sen elementos de protección nin medidas efectivas de calmado de tráfico.
Que no concello de Monfero se identifican igualmente dúas pontes que funcionan como auténticos colos de botella: a ponte sobre o río Lambruxo no PK 17+760 e a ponte sobre o río Lambre no lugar do Xestal, no PK 20+440, ambas cunha sección útil reducida e cunha disposición en tramos de visibilidade limitada, o que obriga na práctica a negociar o paso en réxime de prioridade e incrementa o risco de colisión frontal ou lateral.

Que, alén das pontes existentes na AC-151, boa parte do seu trazado mantén un alto índice de sinuosidade, con curvas e cambios de rasante que non se corresponden cos estándares actuais de seguridade para estradas autonómicas, destacando, entre outros puntos, a dobre curva da vella piscina de Monfero no PK 14+580, ou a curva do PK 1+820 no límite entre Pontedeume e Vilarmaior, que combinan visibilidade reducida, ausencia de arcenes e proximidade a accesos e vivendas.

Que o Concello de Monfero non ten competencia para executar obras de mellora estrutural nunha estrada autonómica, mais si ten a responsabilidade política de esixir da administración titular a Xunta de Galicia que actúe con dilixencia e priorice as intervencións necesarias para garantir a seguridade viaria, a protección da veciñanza e a mellora da mobilidade nos seus núcleos de poboación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG SOLICITA ao Pleno do Concello de Monfero que adopte os seguintes

Acordos

1.º.- Que o Pleno do Concello de Monfero inste á Xunta de Galicia, e en particular á Consellería competente en materia de estradas, a redactar e executar, con carácter prioritario, un proxecto integral de mellora da estrada AC-151 no termo municipal de Monfero e nos concellos limítrofes afectados, que inclúa como mínimo: a suavización do radio das curvas máis perigosas e a corrección dos cambios de rasante que comprometen a visibilidade e a seguridade viaria; a mellora das travesías mediante a creación ou ampliación de beirarrúas, pasos de peóns seguros, iluminación específica, sinalización de limitación de velocidade e outras medidas de calmado de tráfico nas zonas con vivendas próximas ao trazado; e a revisión e mellora dos cruces e entronques con vías municipais e camiños de servizo.

2.°.- Que o Pleno do Concello de Monfero inste á Xunta de Galicia a priorizar, como actuación urxente e inescusable, o ensanche das pontes que actualmente funcionan como colos de botella na AC-151 no termo municipal de Monfero, garantindo unha calzada con dúas faixas de circulación e gálibo suficiente para o cruce seguro de vehículos en ambos sentidos, evitando a necesidade de establecer prioridades a favor dun dos sentidos de circulación.

3.°.- Que o Concello de Monfero remita este acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería competente en materia de estradas, solicitando reunións de traballo para facer seguimento das demandas aquí recollidas e estudar medidas de sinalización, limitación de velocidade e protección provisional da veciñanza mentres non se executen as obras de mellora solicitadas.

En Monfero, a 6 de outubro de 2026.
Asdo. Manuel García Deive
Portavoz do Grupo Municipal do BNG”

O Sr. Alcalde en funcións concédelle a palabra para intervir ao Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, asinante da moción, quen manifesta que é pola perigosidade da dita estrada, que ten moitas curvas, que puxo as da piscina pero que entre o Candedo e As Lamelas houbo moitos accidentes estes días, e polas pontes, nas que están pasando autobuses escolares todos os días, e hai que buscarlle unha solución, ou de visibilidade ou de anchealos, que se poida ver polo menos.

A continuación o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai máis intervencións. Pide a palabra a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.ª M.ª Belén Salido Maroño, e manifesta que lles parece un pouco esaxerado todo o que se pide na moción, meter todo así dun golpe sen ningún tipo de criterio técnico e sen saber prezos nin nada, que lles parece que isto daría para varias mocións. Que están de acordo en que ten que haber seguridade, que todo o que se poida mellorar evidentemente non van a poñer dúbida niso que ao final é un beneficio para os que vivimos aquí e para todos pero que é esaxerado ver tantas cousas que se esixen á Xunta de Galicia. Que hai que lembrar que esta

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

estrada amañouse hai pouco cun investimento de case un millón de euros no seu firme. Que incluso no tramo do que fala, o do Candedo, como hai moitos accidentes, puxéronse en contacto coa Consellería e se renovou o firme xa antes de que se amañara a estrada. Que que haxa accidentes igual se debe tamén a que non se vaia a unha velocidade axustada á vía, que non o di ela senón Tráfico cando ven a algún accidente. Que tamén lle parece que desde o Bloque se esixe demasiado a Xunta de Galicia con esta moción, que se esixe máis a Xunta de Galicia que o que se esixe ao goberno municipal que temos no Concello ou do que se esixe á Deputación na que tamén están a gobernar. Que hai estradas da Deputación no Concello e que en toda a lexislatura non presentaron ningunha moción para que se arranxaran, ou polo menos que non a viron se é que a presentaron. O Sr. Concelleiro do BNG replícalle que a presentou o PP e que a apoiou. Contrareplícalle a Sra. Voceira que nesta lexislatura presentaron dúas cara a Deputación e que pensa que hai que esixir en todos lados. Reitera que van a votar a favor porque o seu grupo esta para axudar á veciñanza e para mellorar todo o que se poida, veña de onde veña e da man que veña. Engade que hai que traer cousas serias ao Pleno, que si isto da para tres mocións que traian tres mocións. Pregúntalle o Sr. Concelleiro do BNG cal é o punto que lle parece moito na moción. Respóndelle a Sra. Voceira que cando lle chegou a moción deulle a risa de todo o que están a pedir nela. Manifesta o Sr. Concelleiro do BNG que van as dúas curvas da piscina e máis as dúas pontes e que non ve ningunha cousa esaxerada niso. Replícalle a Sra. Voceira que tamén fala de iluminación, beirarrúas, de cruces perigosos... Especifica o Sr. Concelleiro do BNG que a iluminación corresponde aos Concellos, que ademais de Monfero serían Irixoa e Aranga. A Sra. Voceira di que o que expón é a súa perspectiva, que xa viron o erro pero que non se mete coa redacción porque un erro o ten calquera. Insiste en que lles parecen demasiado grandes nalgúns lados e moi esixentes sempre coa Xunta, que non sabe se ao final se busca beneficio para os veciños ou se busca outro tipo de cousas. Que a van apoiar pero que piden que tamén se esixa na Deputación e tamén que se presenten mocións para amañar as estradas que están nun estado de calamidade remendo, igual que a da Veiga ou a de Xestoso que vai As Pontes. Que están gobernando na Deputación e tamén poden falar cos deles. Contéstalle o Sr. Concelleiro do BNG que falar é unha cousa pero presentarlle mocións... Engade a Sra. Voceira que ela se tivo que pelexar coa Xunta para que renovaran o aglomerado desa estrada porque hai moitas demandas en moitos sitios pero que ao final o trouxeron para aquí e se non se pide e se insiste se deixa na man de Deus, tanto os dela coma os del, coma os do PSOE. Manifesta o Sr. Concelleiro do BNG que tamén se vai aprobar agora o aglomerado da que vai a Lagares. A Sra. Voceira concorda e engade que é un millón de euros e que lles parece un caramelo para tranquilizar aos veciños en vésperas de eleccións, sabendo o diñeiro todo que hai na Deputación, que o saben, que tamén lles comentan as cousas que suceden na Deputación. Que lles parece un caramelo porque xa non había máis que prometer, prometeron o proxecto, prometeron o estudo... prometeron moitas cousas durante todas estas municipais que foron anteriormente e agora había que traer os cartos, non quedaba outra, e para iso un millón cando podían ser cinco, podíase amañar toda a estrada cos cartos que hai na Deputación que non investiron. Conclúe dicindo que tamén hai que saber presionar aos que están noutras Administracións. Dille o Sr. Concelleiro do BNG que espera que o demostre coas pontes que van na moción. Contéstalle a Sra. Voceira do Grupo Popular que oxalá que as amañaran, que xa falou iso coa Consellería hai tempo, igual que o do paso de peóns que se ten comentado no pleno, pero que hai certas cousas que por vivir onde vivimos non son viables aquí. Que as pontes ao mellor no futuro se poden amañar pero que non é que se vaian amañar dun día para outro porque aí entra Augas de Galicia... hai que pedir demasiados permisos. Respóndelle

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

o Sr. Concelleiro do BNG que entra Augas de Galicia por falta de visibilidade nas pontes como xa pon claro a moción, que é so podalas. Pregunta a Sra. Voceira se non estaban podadas. O Sr. Concelleiro do BNG contéstalle que non están podadas, que non hai visibilidade ningunha en ningunha das dúas. Pregúntalle a Sra. Voceira que quen o dixo, que agora se chega alí e se ve perfectamente. Contéstalle o Sr. Concelleiro que el perfectamente non ven nin del a ela. Dille a Sra. Voceira que cando pase que se fixe porque se cortou todo o de alí. Dille agora o Sr. Concelleiro do BNG que igual hai catro ou cinco semanas que non pasa por alí para enriba. Indica a Sra. Voceira que non sabe canto tempo hai que as cortaron pero que agora hai visibilidade e que se ve perfectamente dun lado para outro. Sinala o Sr. Concelleiro do BNG que falta facía que non se vía nada e a Sra. Voceira replícalle que entende que facía falta pero que tamén fai falta nas estradas do Concello que é por onde pasan os buses escolares e non as cortan. Apunta o Sr. Concelleiro do BNG que os buses escolares lle importan e moito porque son o futuro pero tamén os camións, tractores grandes... Concorda a Sra. Voceira do PP e engade que iso é o que teñen que facer, esixir, pero en todos lados.

Deseguido o Sr. Alcalde en funcións manifesta que o seu grupo tamén vai a estar de acordo, sobre todo no referente ao ancheamento das pontes, que lles parece prioritario, sobre todo a que hai baixando das Travesas cara a Villarboi.

Non se produce ningunha outra intervención máis e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase co resultado de que a moción do Sr. Concelleiro do BNG de solicitude á Xunta de Galicia de melloras na estrada AC-151 á que se refire este punto da orde do día, é aprobada polo Pleno da Corporación co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión e, polo tanto, quedan adoptados todos os acordos que contén. O Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

8.- MOCIÓN DA PLATAFORMA CIDADÁ QUEREMOS GALEGO SOBRE A NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

A moción da Plataforma cidadá Queremos Galego sobre a normalización da lingua galega á que se refire este punto da orde do dia consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2026/G010/000015, enviouse, coa convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“QUEREMOS GALEGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS
A lingua galega é a nosa máis grande expresión colectiva e elemento de cohesión e identificación. A lingua danos voz propia como pobo e é vital para a nosa existencia e desenvolvemento.

No entanto, os datos estatísticos oficiais confirman a emerxencia lingüística, resultado da exclusión do idioma propio da Galiza da oferta en todos os ámbitos, nomeadamente no ensino, mais tamén das actividades comerciais e económicas, da cultura, da televisión e do sector audiovisual, da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

administración ou da xustiza.

Para mudar o rumbo do idioma e reverter a emerxencia lingüística, centos de colectivos sociais responderon ao chamamento da plataforma cidadá Queremos Galego para elaborar o protocolo Lingua Vital, do que resultou a Iniciativa Lexislativa Popular Lingua Vital, neste momento a única alternativa para o futuro do galego. Parte dos obxectivos de acordos unánimes nacionais e internacionais: o Plan xeral de normalización da lingua galega de 2004, a Carta europea de linguas rexionais e minorizadas, a Declaración universal de dereitos lingüísticos e a Lei Paz Andrade.

Para a normalización social do uso do galego, para que quen xa usa o idioma propio da Galiza poida seguilo facendo, para incorporar novas e novos falantes e atender as súas necesidades, para recuperala como lingua de acollida e de integración, é máis necesario que nunca garantir e amparar legalmente o dereito ao uso do galego e a súa dispoñibilidade sempre e en todo lugar, con oferta positiva e de uso en todos os ámbitos e espazos, con abertura plena á lusofonía, sen que o propio goberno galego poida impedilo.

Reverter esta situación é posíbel co compromiso de todas e todos, comezando polas institucións galegas e os colectivos sociais, para que o galego teña presenza en todo e para todo.

Por todo isto o pleno do concello de

ACORDA

1- Reafirmarse no seu compromiso coa lingua galega como máxima expresión do pobo galego e imprescindíbel para a cohesión e o desenvolvemento social.

2- Apoiar e executar, dentro das súas competencias, todas as medidas necesarias para a normalización da lingua galega.

3- Manifestar o seu apoio á Iniciativa Lexislativa Popular Lingua Vital para reverter a emerxencia lingüística.

4- Dar traslado deste apoio á plataforma Queremos Galego, a todos os grupos parlamentares e á Xunta de Galiza

5- Reafirmar a súa disposición a colaborar na difusión da ILP Lingua Vital e en todas as actividades que contribúan a este obxectivo.”

O Sr. Alcalde en funcións expón a moción resumidamente en termos similares aos que constan nela e procede á lectura da súa parte dispositiva.

A continuación pregunta se hai algunha intervencións. Pide a palabra o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, e manifesta que a ver se o Concello actúa en consecuencia coa moción e os carteis, actividades e todo iso que sexan en galego e non en castelán como están facendo en moitos sitios agora, e que incluso dicirlle ás empresas que se contraten que fagan as actividades

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

en galego. Respóndelle o Sr. Alcalde en funcións que lle asegura que máis do 90% no Concello é todo en galego, que pode haber algunha que o poña no idioma castelán pero a maioría o poñen en galego.

Seguidamente, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis. Non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase co resultado de que a moción da Plataforma cidadá "Queremos Galego" sobre a normalización da lingua galega á que se refire este punto da orde do día, é aprobada polo Pleno da Corporación co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión e, polo tanto, quedan adoptados todos os acordos que contén. O Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

9.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 326/2026, RELATIVA Á ADHESIÓN Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEMP CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES RURAIS 15 DE OUTUBRO DE 2026

A resolución da Alcaldía núm. 326/2026 á que se refire este punto da orde do dia, relativa á adhesión á Declaración Institucional da FEMP con motivo do Día Internacional das Mulleres Rurais, 15 de outubro de 2026, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2026/G003/000335, enviouse, coa convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

"RESOLUCION

ASUNTO: ADHESIÓN Á DECLARACIÓN DA FEMP CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER RURAL

EXPEDIENTE: 2026/G003/000335

ANTECEDENTES:

O próximo día 15 deste mes de outubro celébrase o Día Internacional das Mulleres Rurais, proclamado por Nacións Unidas para empoderar e recoñecer a contribución esencial das mulleres e nenas rurais ao desenrolo sostible, a seguridade alimentaria, a erradicación da pobreza e o progreso das comunidades rurais.

Con dito motivo, a Federación Española de Municipios e Provincias elaborou unha Declaración Institucional, na que queda de manifesto que as mulleres rurais desempeñan un papel imprescindible no desenvolvemento económico, social, cultural e ambiental nos nosos concellos.

Non está previsto que o Pleno desta Corporación municipal celebre sesión con anterioridade a dita data, polo tanto, esta Alcaldía, con motivo da dita conmemoración do 15 de outubro, no uso das atribucións que lle outorga a lexislación do réxime local, RESOLVE:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

PRIMEIRO.- Adherirse á declaración da Federación Española de Municipios e Provincias con motivo da conmemoración do día Internacional da Muller o 15 de outubro de 2026 que se transcribe a continuación:

“Cada 15 de outubro conmemoramos o Día Internacional de las Mujeres Rurales, proclamado polas Nacións Unidas para empoderar e recoñecer a contribución esencial das mulleres e las nenas rurais ao desenvolvemento sostible, a seguridade alimentaria, a erradicación da pobreza e o progreso das comunidades rurais.

Este recoñecemento debe traducirse en medidas en favor da autonomía económica das mulleres rurais, xa sexan traballadoras por conta propia ou asalariadas, e ha de garantir o seu acceso aos servizos públicos, a súa participación nas decisións e unhas condicións de vida e traballo dignas.

Esta conmemoración adquire unha especial relevancia en 2026, declarado Ano Internacional da Agricultora, unha iniciativa impulsada por la FAO que pon o foco na contribución das mulleres á agricultura e aos sistemas agroalimentarios e que invita a reforzar las políticas públicas dirixidas a eliminar as desigualdades que aínda persisten no medio rural.

As mulleres rurais desempeñan un papel imprescindible no desenvolvemento económico, social, cultural e ambiental dos nosos municipios. A súa achega transcende o ámbito agrario: son agricultoras, gandeiras, empresarias, profesionais, traballadoras autónomas, comerciantes, artesás, coidadoras, investigadoras, docentes, representantes públicas e axentes fundamentais para a cohesión social e territorial. Son elas quen mantén vivos os nosos pobos, axentes crave na transición ecolóxica, na innovación agroalimentaria, no emprendemento local e na sustentabilidade dos territorios.

As entidades locais, como administración máis próxima á cidadanía, desempeñan un papel esencial para garantir a igualdade de oportunidades no medio rural. Desde a proximidade impulsan políticas públicas adaptadas á realidade de cada territorio, favorecen a participación das mulleres, fortalecen a cohesión social e contribúen a que poidan desenvolver libremente os seus proxectos privados e profesionais alí onde decidan vivir.

A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no medio rural constitúe, ademais, un elemento esencial para avanzar no cumprimento da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible. O fortalecemento dos dereitos, a participación e o liderado das mulleres rurais contribúe directamente á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, especialmente do ODS 5 (Igualdade de xénero), o ODS 8 (Traballo decente e crecemento económico), o ODS 10 (Redución das desigualdades) e o ODS 11 (Cidades e comunidades sostibles), obxectivos cos que as entidades locais manteñen un firme compromiso.

A prevención e a atención fronte a todas as formas de violencia contra as mulleres esixen unha resposta adaptada ao medio rural. A dispersión xeográfica, o illamento, as dificultades de mobilidade e la menor dispoñibilidade de recursos especializados poden dificultar o acceso á

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

protección e á atención. No marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, as administracións competentes deben garantir recursos accesibles, atención especializada, confidencialidade, acompañamento e coordinación institucional, tamén nos municipios pequenos.

A colaboración coas organizacións representativas das mulleres rurais resulta igualmente fundamental. Entidades como AFAMMER e FADEMUR/FADEMUR desenvolven desde hai décadas un labor de representación, sensibilización, formación, impulso do emprendemento e defensa dos dereitos das mulleres que viven e traballan nos nosos pobos. A FEMP recoñece a traxectoria de AFAMMER e FADEMUR/FADEMUR, así como o labor do conxunto de asociacións, colectivos e organizacións de mulleres rurais. Reafirma a súa vontade de contar coa súa experiencia, desde unha participación plural, no deseño, seguimento e avaliación das políticas públicas locais.

Así mesmo, a implementación de políticas públicas desde a colaboración entre Administracións públicas, como o fomento da titularidade compartida en explotacións agrarias mediante campañas informativas e liñas de axudas, ou a incorporación da perspectiva de xénero na Política Agraria Común para permitir un trato preferente ás mulleres nas axudas da PAC, poñen de manifesto a necesidade dunha leal coordinación administrativa e son fundamentais para seguir avanzando.

A igualdade efectiva entre mulleres e homes constitúe unha condición indispensable para afrontar o reto demográfico, fortalecer a cohesión territorial e construír municipios máis dinámicos, inclusivos e sostibles.

Por iso, con motivo do Día Internacional das Mujeres Rurales, a Federación Española de Municipios e Provincias:

1. Reafirma o seu compromiso coa igualdade real e efectiva entre mulleres e homes como principio inspirador das políticas públicas locais.

2. Promoverá a incorporación da perspectiva de xénero nas políticas locais relacionadas co desenvolvemento rural, o emprego, o emprendemento, a vivenda, a mobilidade, a dixitalización, os coidados e o reto demográfico.

3. Impulsará o recoñecemento e a visibilización da contribución das mulleres rurais ao desenvolvemento económico, social, cultural e comunitario dos nosos municipios.

4. Favorecerá a difusión dos instrumentos que contribúen ao recoñecemento xurídico, económico e social do traballo das mulleres no sector agrario.

5. Apoiará actuacións dirixidas a fomentar o emprendemento feminino, a innovación, a formación, o liderado e a remuda xeracional no medio rural, prestando especial atención ás mulleres novas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

6. Defenderá, en colaboración coas administracións competentes, a necesidade de garantir servizos públicos de calidade, conectividade dixital, mobilidade, vivenda e recursos suficientes que permitan desenvolver proxectos de vida en igualdade de oportunidades no medio rural.

7. Continuará impulsando actuacións de sensibilización, prevención, coordinación institucional e mellora do acceso aos recursos destinados a combater todas as formas de violencia contra as mulleres.

8. Favorecerá a participación das mulleres nos órganos de representación política, económica e social, promovendo a súa presenza nos espazos de decisión da vida local.

9. Reforzará a colaboración coas administracións públicas, as organizacións representativas das mulleres rurais e o conxunto de axentes sociais e económicos para avanzar en políticas públicas que contribúan á igualdade de oportunidades e ao desenvolvemento sostible do medio rural.

10. Invita os concellos, deputacións, cabildos e consellos insulares a sumarse a esta conmemoración e a promover actuacións que recoñezan a achega das mulleres rurais e reforcen o compromiso das entidades locais coa igualdade efectiva.

A Federación Española de Municipios e Provincias reitera o seu compromiso cunhas entidades locais que sitúan a igualdade entre mulleres e homes como un principio irrenunciable da acción pública. Recoñecer e apoiar as mulleres rurais significa fortalecer os nosos municipios, avanzar cara a un desenvolvemento territorial máis equilibrado e contribuír, desde o ámbito local, a construír comunidades máis xustas, cohesionadas e con maiores oportunidades para todas as persoas.”

SEGUNDO.- Dar conta deste decreto ao Pleno da Corporación na próxima sesión que celebre, para a ratificación da adhesión.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde en funcións (Asinado pola Secretaría para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro).

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo O Secretario, Baldomero Beceiro Alonso”

O Sr. Alcalde en funcións expón que onte foi o Día Internacional da Muller Rural e que traen ao Pleno a ratificación da resolución de adhesión, especialmente importante para o Concello polo seu carácter eminentemente rural, no que as mulleres fixeron, fan e farán unha importante labor polo Concello.

Seguidamente pregunta se hai algunha intervención. Non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase co resultado de que a resolución da Alcaldía núm. 326/2026 á que se refire este punto da orde do dia, relativa á adhesión á Declaración Institucional da FEMP

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

con motivo do Día Internacional das Mulleres Rurais, 15 de outubro de 2026, é aprobada polo Pleno da Corporación co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión e, polo tanto, quedan adoptados todos os acordos que contén. O Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

10.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A RENOVACIÓN DAS MARQUESIÑAS EXISTENTES E INSTALACIÓN DE NOVAS MARQUESIÑAS NAS PARADAS QUE NON TEÑEN

A moción do Grupo Político Municipal do Partido Popular para a renovación das marquesiñas existentes e instalación de novas marquesiñas nas paradas que non teñen á que se refire este punto da orde do día, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2026/G010/000015, enviouse, coa convocatoria desta sesión ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A RENOVACIÓN DAS MARQUESIÑAS EXISTENTES E INSTALACIÓN DE NOVAS MARQUESIÑAS NAS PARADAS QUE NON TEÑEN.

O Grupo Municipal Popular do concello de Monfero de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno da Corporación a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Municipal Popular consideramos que as marquesiñas das paradas de transporte escolar constitúen un elemento básico para garantir unhas condicións adecuadas de espera aos nenos e nenas que utilizan diariamente o autobús escolar.

En Monfero, moitas das marquesiñas levan instaladas moitos anos e presentan un evidente deterioro derivado do paso do tempo e da exposición ás condicións meteorolóxicas. Esta situación fai necesaria unha actuación de renovación que permita dispoñer de instalacións en condicións axeitadas de seguridade, conservación, funcionalidade e comodidade.

Ao mesmo tempo, existen paradas nas que non hai ningún tipo de marquesiña, polo que os usuarios deben agardar polo autobús á intemperie, expostos á choiva, ao vento e ás baixas temperaturas.

Consideramos que todos os veciños e veciñas de Monfero deben poder contar cunhas condicións dignas e adecuadas nas súas paradas, independentemente da parroquia ou do lugar no que vivan. A prestación dos servizos municipais debe atender as necesidades existentes no conxunto do territorio, evitando que teñamos lugares con instalacións adecuadas mentres outros carecen delas.

A renovación destas instalacións debe aproveitarse tamén para establecer un modelo de marquesiña acorde co carácter rural e coa paisaxe de Monfero, procurando unha imaxe homoxénea, materiais resistentes e de fácil mantemento, así como unhas condicións adecuadas de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

accesibilidade, protección fronte ás inclemencias meteorolóxicas e seguridade para os usuarios.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular presenta ao Pleno do Concello de Monfero os seguintes:

ACORDOS

1. Instar ao goberno municipal a realizar un inventario de todas as paradas de transporte público e escolar existentes no concello, identificando aquelas que dispoñen de marquesiña e as que carecen desta instalación.

2. Instar ao goberno municipal a elaborar e executar un plan de renovación de todas as marquesiñas existentes no concello.

3. Instar ao goberno municipal a instalar novas marquesiñas nas paradas que actualmente carecen delas.

4. Establecer uns criterios comúns para a elección das novas marquesiñas, de maneira que presenten unha imaxe homoxénea e acorde coa paisaxe e co carácter rural do concello de Monfero, garantindo ao mesmo tempo a súa resistencia, funcionalidade, accesibilidade e facilidade de mantemento.

En Monfero, 12 de outubro de 2026
MARÍA BELÉN SALIDO MAROÑO
Portavoz do Grupo Municipal Popular de Monfero”

O Sr. Alcalde en funcións concédelle a palabra para intervir á Sra. Voceira do Grupo Popular, D.ª M.ª Belén Salido Maroño, quen manifesta que presentaron esta moción porque ven que o longo do Concello hai marquesiñas que xa teñen falta de renovarse porque xa levan moitos anos e están nun estado de deterioro importante e despois porque tamén hai paradas onde non hai marquesiñas e cren que, en pleno inverno, agora que imos de cara ao inverno, que os nenos teñen que ter un sitio onde meterse para esperar ao bus.

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que eles van a estar de acordo aínda que, no referente a que hai paradas sen marquesiña, ten que dicir que hai xente que non a quere, que xa lle pasou nalgún caso. Respóndelle a Sra. Voceira do Grupo Popular que hai moitas que si que a queren e que entón cre que se debería de mirar este tema, falar coas familias que a queiran e poñelas.

Pola súa banda, o Sr. Concelleiro do BNG manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis. Non se produce ningunha e somete o asunto a votación. O resultado é que a moción do Grupo Político Municipal do Partido Popular para a renovación das marquesiñas existentes e instalación de novas marquesiñas nas paradas que non teñen á que se refire este punto da orde do día, é aprobada polo Pleno da Corporación co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión e, polo tanto quedan

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

adoptados os acordos que contén. O Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

11.- DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE SETEMBRO DE 2026

O extracto das resolucións da Alcaldía do mes de setembro de 2026, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese literalmente deseguido:

EXTRACTO RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE SETEMBRO DE 2026

Nº Decreto	Asunto	Fecha Firma
00274/2026	ALTAS, INCREMENTOS E BAIXAS DO SAF DEPENDENCIA. AGOSTO 2026	2026-09-01 10:37:00
00275/2026	EXPDTE M.C 14/2026- SUPERAVIT	2026-09-02 12:33:00
00276/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-09-02 12:35:00
00277/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-09-02 12:35:00
00278/2026	MODIFICACIÓN BASES EXECUCIÓN 2/2026	2026-09-02 14:54:00
00279/2026	MODIF DESFRUTE PERIODO VACACIONAL APROBADO FUNCIONARIA	2026-09-07 12:07:00
00280/2026	ORZAMENTO SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA CASA DO CANEDO	2026-09-08 11:26:00
00281/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-09-08 11:26:00
00282/2026	APROBACION DESFRUTE PERIODO DE VACACIONS 2026	2026-09-08 11:48:00
00283/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-09-08 12:42:00
00284/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-09-10 10:08:00
00285/2026	RELACIÓN FACTURAS 044DOISE/2026	2026-09-11 11:48:00
00286/2026	EXPDTE M.C 16/2026- TC	2026-09-11 11:48:00
00287/2026	ALTAS, BAIXA E CANCELACIÓN DA LISTA DE AGARDA NO SAF LC	2026-09-11 14:00:00
00288/2026	CONCESIÓN AXUDA TÉCNICA	2026-09-11 14:00:00
00289/2026	RELACIÓN FACTURAS 043DRRSE/2026	2026-09-14 10:23:00
00290/2026	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA 17-09-2026 (12/2026)	2026-09-14 14:14:00
00291/2026	COMISIÓN ESPECIAL DE OBRAS E MANTEMENTO 18-09-2026 (02/2026)	2026-09-14 14:48:00
00292/2026	LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2027	2026-09-14 15:11:00
00293/2026	GC REDE CULTURAL-XESTIÓN DÉBEDA- PREVENCIÓN INCENDIOS FORESTAIS	2026-09-15 12:07:00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

00294/2026	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA 18-09-2026 (13/2026)	2026-09-15 15:20:00
00295/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-09-16 10:13:00
00296/2026	CREACIÓN LISTA AGARDA SERVIZO DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS	2026-09-16 15:23:00
00297/2026	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E. U. 17-09-2026 (26/2026)	2026-09-16 15:23:00
00298/2026	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL	2026-09-17 10:29:00
00299/2026	LIQUIDACIÓN CONSORCIO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA	2026-09-17 14:03:00
00300/2026	RESOLUCIÓN DISCREPANCIAS A. RELACIÓN FACTURAS 046XRROO/2026	2026-09-18 10:20:00
00301/2026	ADMISIÓN DEF CANDIDATOS BOLSA AUX ADM, NOMEAMENTO T. DATA P.	2026-09-21 10:41:00
00302/2026	RELACIÓN FACTURAS 045DDRRSU/2026	2026-09-21 10:41:00
00303/2026	EXPDTE M.C 18/2026- X.C- POS+ ADICIONAL 2A/2026	2026-09-22 13:16:00
00304/2026	REINTEGRO SUBVENCIÓN XUNTA APROL 2022	2026-09-22 13:16:00
00305/2026	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (25/09/2026)	2026-09-24 14:54:00
00306/2026	RELACIÓN FACTURAS 049DOK/2026	2026-09-25 11:17:00
00307/2026	RESOLUCIÓN DISCREPANCIAS RELACIÓN FACTURAS 048XRRSE/2026 CON AD	2026-09-28 10:22:00
00308/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-09-29 11:40:00
00309/2026	CONCESIÓN PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	2026-09-30 10:45:00
00310/2026	NÓMINA 09/2026	2026-09-30 11:28:00
00311/2026	RELACIÓN FACTURAS 051DRRSU/2026 CON AD	2026-09-30 13:31:00
00312/2026	RELACIÓN FACTURAS 050DRRSE/2026	2026-09-30 13:31:00
00313/2026	EXPDTE. M.C 19/2026-XC- POS + ADICIONAL 4/2025	2026-09-30 13:32:00

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e da paso ao punto seguinte.

12.- ASUNTOS URXENTES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que en asuntos urxentes quere incluír un asunto relativo ao servizo da Casa Niño que se estaba a prestar na Escola de Queixeiro. Expón que a xente que a levaba, por motivos persoais, decidiu abandonar e que houbo sorte porque hai unha persoa de Monfero que se quere facer cargo desa Casa Niño para dar continuidade ao servizo e que as familias non queden sen el. Que se trata de aceptar a solicitude presentada pola nova profesora que vai a dar alí o servizo da Casa Niño e aceptar a renuncia da actual, como se fora un cambio de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

titularidade da cesión, que se trata de propoñerlle a nova cesión á nova profesora que vai dar alí o servizo.

A continuación, o Sr. Alcalde en funcións da lectura a súa proposta sobre este tema que se transcribe textualmente a continuación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2026X999/000043, e se entregou con anterioridade á celebración desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Político Municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

CESIÓN DE DEREITOS DE USO DA Á DEREITA DO BAIXO DA ESCOLA DE QUEIXEIRO PARA CASA NIÑO

Nº Expediente: 2026/X999/000043

Vista a solicitude presentada no Concello en data 13/10/2026, pola persoa que responde ás iniciais M.A.L., con número de Rexistro de Entrada 202699900000635, que forma parte do expediente 2026/X999/000043, no que solicita a cesión da parte do local Escola Unitaria de Queixeiro, no lugar de Vite s/n, C.P. 15617, que se está a utilizar para a actividade de Casa Niño.

Visto, así mesmo, que en data 13/10/2026, con número de Rexistro de Entrada 202699900000638, a persoa que responde ás iniciais A.P.Z., achegou escrito no que solicita ANULAR a cesión concedida para o uso do local situado no lugar de Vite s/n, Queixeiro, para a creación da Casa Niño denominada SEMENTES, manifestando que vai ser subrogada a favor doutra persoa.

Tendo en conta que por acordo do Pleno desta Corporación de data 26/04/2023, concedeuse á persoa que responde ás iniciais A.P.Z. os dereitos de uso e desfrute da á dereita da planta baixa da escola de Vite, Queixeiro, gratuitamente, durante un período de cinco anos renovable e condicionada á instalación e funcionamento nela dunha "casa niño", quedando anulada e sen efecto esta cesión se a "casa niño" deixara de funcionar e no momento mesmo no que isto acontecera.

Vista a documentación do expediente, o informe da Secretaría e a normativa de aplicación, e tendo en conta que a actividade para cuxo desenvolvemento foi cedido o uso do local inicialmente continuará funcionando só se se realiza esta nova cesión, que a anterior beneficiaria desa cesión de uso solicita a súa anulación, e que a persoa que se vai a subrogar no desenvolvemento da actividade de Casa Niño, solicita unha nova cesión de uso do citado local, que coa cesión dáse cumprimento a unha función de servizo público e á realización dun fin de interese xeral por persoa distinta das previstas nos parágrafos a) e b) do artigo 137.4 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, e que a finalidade pretendida coa cesión redunda no beneficio dos habitantes do termo municipal, propóñolle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aceptar a solicitude presentada pola persoa que responde ás iniciais A.P.Z. e anular os dereitos de uso e desfrute da á dereita da planta baixa da escola de Vite, Queixeiro, que lle foron concedidos por acordo do Pleno desta Corporación en data 26/04/2023, con efectos do día da data.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

2.- Conceder á persoa que responde ás iniciais M.A.L., os dereitos de uso e desfrute da á dereita da planta baixa da escola de Vite, Queixeiro, gratuitamente, durante un período de cinco anos renovable e condicionada á instalación e funcionamento nela dunha "Casa Niño" de acordo co proxecto aprobado ou que aprobe a Xunta de Galicia, quedando anulada e sen efecto esta cesión se a "casa niño" deixara de funcionar e no momento mesmo no que isto acontecera.

3.- Notificar este acordo ás persoas interesadas para os efectos que procedan

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

Non se producen intervencións relevantes e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a votación a urxencia de tratar a proposta. Votase. O resultado é que votan a favor as oito persoas membros da Corporación asistentes á sesión e, polo tanto, apréciase a urxencia de tratar o asunto co quórum esixido da maioría absoluta. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións así o proclama e deseguido procede con el.

A proposta do Sr. Alcalde en funcións sobre este tema transcríbese textualmente a continuación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2026/X999/000043, se entregou con anterioridade á celebración desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Político Municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e leuse anteriormente nesta sesión cando se tratou a urxencia de tratalo:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

CESIÓN DE DEREITOS DE USO DA Á DEREITA DO BAIXO DA ESCOLA DE QUEIXEIRO PARA CASA NIÑO

Nº Expediente: 2026/X999/000043

Vista a solicitude presentada no Concello en data 13/10/2026, pola persoa que responde ás iniciais M.A.L., con número de Rexistro de Entrada 202699900000635, que forma parte do expediente 2026/X999/000043, no que solicita a cesión da parte do local Escola Unitaria de Queixeiro, no lugar de Vite s/n, C.P. 15617, que se está a utilizar para a actividade de Casa Niño.

Visto, así mesmo, que en data 13/10/2026, con número de Rexistro de Entrada 202699900000638, a persoa que responde ás iniciais A.P.Z., achegou escrito no que solicita ANULAR a cesión concedida para o uso do local situado no lugar de Vite s/n, Queixeiro, para a creación da Casa Niño denominada SEMENTES, manifestando que vai ser subrogada a favor doutra persoa.

Tendo en conta que por acordo do Pleno desta Corporación de data 26/04/2023, concedeuse á persoa que responde ás iniciais A.P.Z. os dereitos de uso e desfrute da á dereita da planta baixa da escola de Vite, Queixeiro, gratuitamente, durante un período de cinco anos renovable e condicionada á instalación e funcionamento nela dunha "casa niño", quedando anulada e sen

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

efecto esta cesión se a “casa niño” deixara de funcionar e no momento mesmo no que isto acontecera.

Vista a documentación do expediente, o informe da Secretaría e a normativa de aplicación, e tendo en conta que a actividade para cuxo desenvolvemento foi cedido o uso do local inicialmente continuará funcionando só se se realiza esta nova cesión, que a anterior beneficiaria desa cesión de uso solicita a súa anulación, e que a persoa que se vai a subrogar no desenvolvemento da actividade de Casa Niño, solicita unha nova cesión de uso do citado local, que coa cesión dáse cumprimento a unha función de servizo público e á realización dun fin de interese xeral por persoa distinta das previstas nos parágrafos a) e b) do artigo 137.4 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, e que a finalidade pretendida coa cesión redunda no beneficio dos habitantes do termo municipal, propóñolle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aceptar a solicitude presentada pola persoa que responde ás iniciais A.P.Z. e anular os dereitos de uso e desfrute da á dereita da planta baixa da escola de Vite, Queixeiro, que lle foron concedidos por acordo do Pleno desta Corporación en data 26/04/2023, con efectos do día da data.

2.- Conceder á persoa que responde ás iniciais M.A.L., os dereitos de uso e desfrute da á dereita da planta baixa da escola de Vite, Queixeiro, gratuitamente, durante un período de cinco anos renovable e condicionada á instalación e funcionamento nela dunha “Casa Niño” de acordo co proxecto aprobado ou que aprobe a Xunta de Galicia, quedando anulada e sen efecto esta cesión se a “casa niño” deixara de funcionar e no momento mesmo no que isto acontecera.

3.- Notificar este acordo ás persoas interesadas para os efectos que procedan

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A continuación, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai intervencións. Pide a palabra a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.ª M.ª Belén Salido Maroño, e manifesta que ata agora eran dúas rapazas que vivían na casa do Xestal onde montaron a Casa Niño, que a tiñan alugada e agora, tanto unha casa coma a outra, cambiaron de persoa, e que ven que a Casa de Queixeiro está nun edificio municipal pero a Casa do Xestal está nunha casa privada e entón que aí hai un alugueiro e hai uns gastos e que non saben se teñen pensado desde o Concello... porque non quedan en igualdade de condicións as dúas Casas, e que non saben que solución teñen pensado plantear para iso porque cre que as dúas rapazas deben de estar nas mesmas condicións. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que están totalmente de acordo e que están mirando de arranxar ese tema, que a rapaza do Xestal a ve todos os días, de luns a venres, e que están mirando de arranxar ese tema como mellor se poida para que saia como a Escola de Queixeiro. A Sra. Voceira dille que claro, que unha non paga alugueiro e outra... e parécelles que as dúas Casas deberían de estar en igualdade de condicións. O Sr. Alcalde en funcións repite que está totalmente de acordo e que a sorte que houbo foi que apareceran dúas que se fixeran cargo das casas niño, senón que quedaban as familias sen servizo.

Non se produce ningunha intervención máis e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a votación a proposta de cesión de dereitos de uso da ala dereita do baixo da Escola de Queixeiro para Casa Niño. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións así o proclama e a proposta

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

da Alcaldía á que se refire este punto da orde do dia queda aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación e adoptados todos os acordos que contén a proposta.

13.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algún rogo ou pregunta.

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, D.ª M.ª Belén Salido Maroño, e manifesta que queren preguntar polo tema de zumba, que ven do pleno anterior, e do que, a día de hoxe, non saben nada. Que falou co técnico municipal e non tiña noticia diso e que a xente está preguntando cando empeza, porque quedou de empezarse en outubro, co resto das actividades, pero a día de hoxe non está aínda ofertado. Que piden que por favor que se poña en funcionamento canto antes.

Deseguido di que vai preguntar por outro tema que tamén ven do pleno anterior, de se foron ao Cole a revisar todo o que estaba mal, se falaron coa empresa e se van arranxar os desperfectos.

Por último, lembra que teñen pendente unha reunión do PXOM onde pedían que estiveran tamén as asociacións de veciños.

O Sr. Alcalde en funcións respóndelle, respecto do actividade de zumba, que as tres persoas que o chamaron no seu momento, que non sabe se son as mesmas, que o volveron a chamar e lle dixeron que non a fixera, que xa non estaban interesadas e que lles valía pilates e ioga, que lle estrañou pero que non a vai ofertar se despois non vai haber ninguén, que por iso está esperando para ver se hai interese ou non. A Sra. Voceira dille que non sabe quen falou con el pero que o pode ofertar e se non hai ninguén non se fai e listo, que hai xente para facer grupo e que se non o oferta e non se presenta a actividade como se vai apuntar a xente para saber se hai interese ou non.

Continúa o Sr. Alcalde en funcións que a semana pasada foi a visitar o Cole co Arquitecto municipal e co xerente da empresa. Que lle van dar un lavado a toda a cuberta que ten manchas de estar apiladas na nave, e van a quitar todas as cordas que lles quedaron de cando as pousaron, que iso o van a facer todo. Pregunta a Sra. Voceira se o que estaba mal posto o van a poñer ben e o Sr. Concelleiro do PP, D. José Tojeiro Mosquera, pregunta se as cumbreiras están ben postas e todo iso, que hai unha que madre mía!... O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que segundo o xerente si. Pregunta agora o Sr. Concelleiro sobre as chapas aboiadas e o Sr. Alcalde en funcións contéstalle que iso foi un golpe de cando as colocaron, da grúa, que son dúas. Despois pregunta polos ferros podres e o Sr. Alcalde en funcións contéstalle que iso non ten nada que ver, que iso non ía no proxecto, que despois lle van dar un tratamento cos empregados municipais antióxido. Despois falan os tres sobre o peso da cuberta en relación coa estrutura e doutros ferros e o Sr. Concelleiro engade que sempre hai imprevistos e que se un ferro está podre hai que sanealo antes de poñer nada máis, que é un ferro para o que non vale o tratamento, que está podre totalmente. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que o que está na esquina contra os baños o van a ter que cortalo e poñelo.

Contesta agora o Sr. Alcalde en funcións que a reunión do PXOM, en principio e salvo que haxa algún imprevisto, vai ser o 6 de novembro. Pregunta sobre o tema o Sr. Concelleiro do BNG, D.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Manuel García Deive, se se vai a chamar ás asociacións de veciños e o Sr. Alcalde en funcións contéstalle que se poden chamar, pero que so son dúas e que ademais é un agravio comparativo con respecto aos outros veciños e outras parroquias que non teñen asociación, que el non ten problema. O Sr. Concelleiro replícalle que non vai a chamar a todos os veciños tampouco e o Sr. Alcalde en funcións replícalle que para iso despois están as charlas que vai haber cando se pase a fase provisional. Replícalle agora a Sra. Voceira do PP que de momento aínda non se pasou a fase, que a Asociación de Vilachá foi a que presentou as firmas e pregunta se non se lle responde e se lle mostra o que se está a facer e que as asociacións representan aos veciños. Debaten sobre o agravio comparativo que pode supoñer ao non haber asociacións de veciños en todas as parroquias. Pregunta a Sra. Voceira a que hora é a reunión e o Sr. Alcalde en funcións contéstalle que sobre as dez, dez e media se non cambian o horario. Pregunta entón o Sr. Concelleiro do BNG se vai avisar as asociacións ou non e o Sr. Alcalde en funcións respóndelle que si.

Deseguido pregunta o Sr. Concelleiro do BNG sobre a lei de cortas. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que está o borrador bastante adiantado, que quedou aparcado por temas de contratación. O Sr. Concelleiro dille que se non lembra mal, o mes pasado fixo un ano que se lle dixo que ía ser antes do inverno. Contéstalle o Sr. Alcalde en funcións que sempre xorden cousas imprevistas.

Pregunta entón o Sr. Concelleiro do BNG como está o do transporte escolar aos institutos, se se está facendo algo. Contéstalle o Sr. alcalde en funcións que de momento, polo que sabe, funciona ben, a Pontedeume, a Betanzos e Ás Pontes, que non houbo ningunha queixa este ano. Pregunta entón o Sr. Concelleiro se non puxeron tamén cara a Guitiriz e o Sr. Alcalde en funcións contéstalle que alí non houbo demanda.

Acto seguido pregunta o Sr. Concelleiro do BNG se se vai facer aquí o do Coworking. Contéstalle o Sr. Alcalde en funcións que de momento non ve que haxa un edificio adaptado pero que se pode mirar. Replícalle o Sr. Concelleiro que hai que adaptalo. Falan sobre a posible localización no edificio da antiga Cámara Agraria.

A continuación pregunta o Sr. Concelleiro do BNG se o Concello cre que estamos faltos de verbenas en Monfero. O Sr. Alcalde en funcións pregúntalle por que. O Sr. Concelleiro respóndelle que para facer mais verbenas a través do Concello... porque non acaba de entender que se traia a ... e a unha orquestra... e pregunta cal é o orzamento de todo iso. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que en 7.000 euros é o que vai a saír o contrato menor, igual que o ano pasado. Pregunta entón se o ano pasado os grupos viñan pagados pola Deputación e o Sr. Alcalde en funcións contéstalle que polo Ministerio e pregúntalle se sabe canto costou a tarima e o equipo de iluminación e se o ano pasado estaba ben. Contéstalle o Sr. Concelleiro do BNG a isto último que si. Pregúntalle entón o Sr. Alcalde en funcións se este ano non está ben e o Sr. Concelleiro repóndelle que non. Vólvellelo preguntar e as respostas volven a ser as mesmas. Afirma entón o Sr. Concelleiro do BNG que el o que cre e que o que sobran son festas en Monfero, que hai festas e festas e festas sen facer outra festa máis. O Sr. Alcalde en funcións dille que o do ano pasado era unha festa tamén. O Sr. Concelleiro do BNG replícalle que non, que era unha reunión cultural folclórica, aínda que houbera grupos de fora de Galicia pero era folk. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que iso son opinións. O Sr. Concelleiro rexéitao. O Sr. Alcalde en funcións replícalle que todos os artistas que veñen aquí son galegos.

Despois pregunta o Sr. Concelleiro do BNG cal foi a empresa que colleu as actividades todas do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Concello. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que todas non, que colleu un lote delas, Avanza. Pregunta entón o Sr. Concelleiro de onde é. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que de Alacante. Pregunta se levaba na exposición o uso do galego preferente para aquí. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que ten unha sede aquí en Galicia, que a ver se cre que se vai presentar desde Alacante sen ter sede aquí. O Sr. Concelleiro do BNG di que non cre que veñan os instrutores todos desde Alacante ata aquí. Engade o Sr. Alcalde en funcións que os empregados todos son galegos. Pregunta que daquela por que fala en castelán a que ven a pilates e a que ven aos cativos. Dille o Sr. Alcalde en funcións que cre que de momento temos dous idiomas. Pregunta entón o Sr. Concelleiro do BNG cantos nenos hai no colexio do Xestal galegofalantes, se son menos da metade. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non o sabe en ningún dos dous casos. O Sr. Concelleiro do BNG dille que cre que bastantes menos da metade, que pensa que o castelán non se vai erradicar en Monfero. Intervén entón a Sra. Voceira do BNG e manifesta que cada un na súa casa ensínalles o idioma que quere ou fala con eles no idioma que quere. O Sr. Concelleiro do BNG pide que as actividades polo menos sexan no idioma de aquí. A Sra. Voceira do PP dille que ve nenos que veñen de fora e o Sr. Alcalde en funcións que se o monitor non é galego ao mellor lle costa falalo. O Sr. Concelleiro do BNG replica que estivo de vacacións na Alemaña e que tivo que levar un intérprete que non o entendían en alemán nin lle contestaban no seu idioma. Dille agora o Sr. Concelleiro do PP, D. José Tojeiro Mosquera, que seguramente entendían mellor o castelán que o galego. Contéstalle o Sr. Concelleiro do BNG que en Alemaña non entenden o castelán nin o galego e que o inglés non o entenden moito tampouco. O Sr. Alcalde en funcións engade que cre que unha empresa non lle pode esixir aos monitores que falen galego. O Sr. Concelleiro do BNG dille ao Sr. Alcalde en funcións que acaba de presentar aquí unha moción de Queremos Galego... e este contéstalle que si pero que unha empresa non lle pode esixir aos monitores que falen galego, pregúntalle ao Sr. Concelleiro se cre que llo pode esixir e este respóndelle que si, que se lles pode esixir aos monitores en Galicia que falen galego, o mesmo que aos empregados municipais ou que ao que representa a Administración, que cre que se lles pode esixir a todos que falen en galego. O Sr. Alcalde en funcións di que de momento teñen dous idiomas, que está a favor do galego cen por cen pero que cre que non se lle pode esixir a un monitor dunha empresa que fale o galego, que ao mellor non sabe falalo. O Sr. Concelleiro do BNG replícalle que daquela se lle contrata igual aínda que non o saiba falar. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que iso non pasa polo Concello. Pregunta entón o Sr. Concelleiro do BNG que quen contrata á empresa e o Sr. Alcalde en funcións contéstalle que á empresa si pero que despois os monitores os pon a empresa que non pasan polo Concello. O Sr. Concelleiro do BNG concorda en que os monitores non pasan polo Concello pero di que este lle pode esixir á empresa que contrate monitores que falen en galego. Contéstanlle que xa poucos hai e o Sr. Alcalde en funcións que claro que pode. O Sr. Concelleiro do BNG replica que daquela que non presenten mocións de que Queremos Galego. O Sr. Alcalde en funcións contrareplícalle que non esta rifada unha cousa coa outra.

Finalmente pregunta a Sra. Voceira do Grupo Popular se para o magosto se falou con todos os toldeiros da zona, do Concello. Contéstalle o Sr. Alcalde en funcións que de momento non. Pregunta entón a Sra. Voceira se se vai falar e o Sr. Alcalde en funcións contéstalle que si, que de momento non se falou con ninguén. Lembra a Sra. Voceira que quedan quince días e o Sr. Alcalde en funcións contéstalle que aínda hai que facer o contrato menor.

Pregunta o Sr. Alcalde en funcións se hai algunha intervención máis, non se produce ningunha e,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

ao non haber máis asuntos que tratar, levantou a sesión, ás dezanove horas e corenta e catro minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KNEbgnGN4/oBUqSmzXQ+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/